



**CIRCULAR MODIFICADA 38-2018.- II CAMPEONATO DE GALICIA DE RELEVOS DAS CATEGORIAS INFANTIL/Sub14, CADETE/Sub16, XUVENIL/Sub18, JUNIOR/Sub20, PROMESA/Sub23, ABSOLUTO E MÁSTER.-** Ourense, 17 de Maio de 2018

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os asembleístas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

**Art.1)** A F.G.A coa colaboración do Club Deportivo Aurum e a través da súa delegación en Ourense organiza o II Campionato de Galicia de relevos das categorías INFANTIL/Sub14, CADETE/Sub16, XUVENIL/Sub18, JUNIOR/Sub20, PROMESA/Sub23, ABSOLUTO E MÁSTER nas pistas de Ourense o día 17 de maio do 2018.

**Art.2)** Poderán participar todos os clubs que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Clubs que ficharan ao longo da tempada actual (2017/18) na Comunidade Galega
2. Clubs nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do venres 11 de maio do 2018.**

**Art.4)** Os delegados dos clubs deberán recoller os dorsais ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas 20 minutos antes da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.

**Art.5)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** Limitación de probas: Cada club só poderá presentar un equipo por categoría e sexo (agás máster que só poderán presentar un equipo por club independentemente das categorías dos integrantes). Só poderán participar



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

con un atleta de un club asociado (sempre e cando non participe no campionato) e un atleta estranxeiro.

### **Art.8).** Horario (PROVISIONAL) da competición:

- 10:45: 4x80 infantil-Sub 14 feminino
- 10:50: 4x80 infantil-Sub 14 masculino
- 11:00: 4x100 cadete-Sub 16 feminino
- 11:10: 4x100 cadete-Sub 16 masculino
- 11:20: 4x100 xuvenil-Sub 18 feminino
- 11:30: 4x100 xuvenil-Sub 18 masculino
- 11:40: 4x100 junior-Sub 20 feminino
- 11:50: 4x100 junior-Sub 20 masculino
- 12:00: 4x100 promesa-Sub 23 feminino
- 12:10: 4x100 promesa-Sub 23 masculino
- 12:20: 4x100 absoluto feminino
- 12:30: 4x100 absoluto masculino
- 12.40: 4x100 máster feminino**
- 12.50: 4x100 máster masculino**
- 13.00: 4x300 cadete-Sub 16 feminino**
- 13.10: 4x300 cadete-Sub 16 masculino**
- 13.20: 4x400 absoluto feminino**
- 13.30: 4x400 absoluto masculino**
- 13.40: 4x400 máster feminino**
- 13.50: 4x400 máster masculino**

### **Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas.
- No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

### **Art.10)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orden, segundo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Asinado no orixinal : Carlos Castro Vicente, Secretario Xeral da FGA  
A Coruña, 27 de abril de 2018